

PLAN DE CONVIVENCIA



I.E.S. 12 DE OUTUBRO

ÍNDICE

1.- XUSTIFICACIÓN.....	3
2.- LEXISLACIÓN APLICABLE.....	4
3.- ANÁLISE DO CONTEXTO ESCOLAR E SOCIAL.....	5
3.1.- CARACTERÍSTICAS DO CENTRO.....	5
3.2.- SITUACIÓN ACTUAL DA CONVIVENCIA NO CENTRO.	6
3.3.- RESPOSTA DO CENTRO A ESTAS SITUACIÓNS.....	7
4.- DESEÑO DO PLAN DE CONVIVENCIA.	8
4.1.- OBXECTIVOS XERAIS.....	8
4.2.- OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:.....	8
4.3.- ACTIVIDADES.	10
4.3.1.- ACTIVIDADES NO ÁMBITO DO CENTRO.....	10
4.3.2.- ACTIVIDADES DESTINADAS Ó PROFESORADO.....	11
4.3.3.- ACTIVIDADES DESTINADAS ÁS FAMILIAS.....	12
4.3.4.- ACTIVIDADES DESTINADAS ÓS ALUMNOS/AS.....	13
4.3.5.- ACTIVIDADES ANTE CONDUCTAS GRAVES.....	15
4.4.- A AULA DE CONVIVENCIA.....	16
4.5.- A MEDIACIÓN.....	18
4.6.- MEDIDAS CORRECTORAS.....	19
4.7.- DETECCIÓN E TRATAMENTO DO ACOSO ESCOLAR.....	21
4.8.- DETECCIÓN E TRATAMENTO DO ABSENTISMO ESCOLAR.....	21
5.- DESENVOLVEMENTO DO PLAN.....	21
6.- COORDINACIÓN E AVALIACIÓN.....	21

1.- XUSTIFICACIÓN

Aprender a convivir forma parte das finalidades básicas da educación e constitúe un dos principais desafíos dos sistemas educativos actuais na procura de sociedades máis modernas, xustas e democráticas; máis igualitarias, cohesionadas e pacíficas, nas que fenómenos como o acoso escolar, a violencia de xénero, maltrato... non teñen cabida.

A educación para a convivencia responde á necesidade de formar unha cidadanía preparada para desenvolver a súa vida respectándose a si mesma, ás demais persoas e responsabilizándose dos seus actos.

O Plan de Convivencia debe propiciar cambios positivos nos modelos de organización escolar, nos currículos, no profesorado, na formación permanente deste, no alumnado, nas relacións coas familias; é dicir, no contexto xeral dos centros escolares, concíbese como un instrumento destinado a facer dos centros educativos un espazo para a aprendizaxe da resolución pacífica dos conflitos e da convivencia democrática.

Para alcanzarmos os obxectivos resulta imprescindible a colaboración estreita de todos os sectores da Comunidade Educativa, o desenvolvemento de actividades que favorezan a mellora do clima de convivencia escolar e o seguimento titorial e docente continuo que advirta e axude a prever as condutas que alteren a boa convivencia.

Algunhas das ideas que debemos ter en conta á hora de elaborar o Plan de Convivencia do centro son:

- _ O noso traballo non pode ser só como "lexisladores" ou "sancionadores".
- _ É importante antepoñer o valor educativo ao punitivo.
- _ A solución debe ser: global, preventiva, democrática, formativa, adaptada á nosa realidade e implicando a toda a comunidade educativa.
- _ Non consideramos os aspectos da convivencia só como aspectos organizativos senón ademais como contidos para desenvolver, e parte da formación do alumnado. Débese ter en conta a convivencia e a participación como parte da aprendizaxe.
- _ Non consideramos a convivencia como unha mera aplicación de medidas disciplinarias, senón como un fin educativo no que hai que traballar. A convivencia é un obxectivo formativo en si mesmo e fundamental de todo proceso educativo. Para iso, debe desenvolverse nos alumnos unha serie de valores e habilidades de comunicación e de relación social.
- _ O conflito é inherente á vida en común das persoas. É algo normal en toda sociedade libre e democrática. Debe entenderse como algo positivo para desenvolver o labor educativo, e sobre todo, servir como medio de aprendizaxe para solucionar o conflito de forma democrática, dialogada e pacífica, buscando a harmonía nas relacións entre as persoas.

_ Aínda que haxa unha boa xestión global da convivencia, os problemas aparecerán, porque son propios de calquera sistema de relacións humanas, pero a prevención contribúe a reducilos. Cando sexa necesaria unha corrección ou sanción terá un propósito formativo.

_ A disciplina debe favorecer obxectivos educativos estimulando cambios cognitivos, emocionais e conductuais.

2.- LEXISLACIÓN APLICABLE

A normativa que se empregou para a elaboración deste Plan de Convivencia Escolar é a actualmente en vigor e recolléronse as suxestións e orientacións tanto do Claustro de Profesores coma do Consello Escolar do Centro. Igualmente tivéronse especialmente en conta o sentir da Comisión de Coordinación Pedagóxica, Tutores, Departamento de Orientación e Equipo Directivo.

Entre a normativa que merece unha mención especial está:

1. Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE) do BOE 4-4-06 dí no Artigo 1:

Principios.

- a) A calidade da educación para todo o alumnado, independentemente das súas condicións e circunstancias.
- b) A equidade, que garanta a igualdade de oportunidades, a inclusión educativa e a non discriminación e actúe como elemento compensador das desigualdades persoais, culturais, económicas e sociais, con especial atención ás que deriven de discapacidade.
- c) A transmisión e posta en práctica de valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, así como que axuden a superar calquera tipo de discriminación.
- d) A flexibilidade para adecuar a educación á diversidade de aptitudes, intereses, expectativas e necesidades do alumnado, así como aos cambios que experimentan o alumnado e a sociedade.
- e) A educación para a prevención de conflitos e para a súa resolución pacífica, así como a non-violencia en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.
- f) O desenvolvemento da igualdade de dereitos e oportunidades e o fomento da igualdade efectiva entre homes e mulleres.

2. Real Decreto 1146/2011, de 29 de julio, por el que se modifica el Real Decreto 1631/2006, de 29 de diciembre (BOE 5-1-07), por el que se establecen las enseñanzas mínimas correspondientes a la Educación Secundaria Obligatoria, así como los Reales Decretos 1834/2008, de 8 de noviembre, y 860/2010, de 2 de julio, afectados por estas modificaciones.

3. **Decreto 133/2007**, do 5 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas da Educación Secundaria Obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG, 13/07/2007).

No artigo 4 que establece os obxectivos da Educación Secundaria Obrigatoria, hai que destacar algúns deles xa que están moi relacionados con este Plan:

_ "Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos ou respecto ás outras persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

_ Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres.

_ Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e as súas relacións con outras persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos".

No anexo I, establece as competencias básicas, unha delas é a “competencia social e cidadá”, este Plan de Convivencia vai contribuír ó desenvolvemento dela dunha maneira moi explícita.

4. **Decreto 85/2007, do 12 de abril**, polo que se crea e se regula o Observatorio Galego da Convivencia Escolar (DOG 8 de maio 2007).

6. **A Lei 4/2011, do 30 de xuño**, de convivencia e participación da comunidade educativa.

7. O Regulamento de Réxime Interior do centro.

8. **O Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro**, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

3.- ANÁLISE DO CONTEXTO ESCOLAR E SOCIAL

3.1.- CARACTERÍSTICAS DO CENTRO

O IES “12 de Outubro” de Ourense ocupa, na actualidade, dous edificios situados no barrio da Ponte, sendo o Centro de Formación Profesional máis antigo de Ourense.

O edificio orixinario escolariza alumnos e alumnas de Formación Profesional (Familia profesional de Mecanizado); ademais, da Educación Secundaria Obrigatoria e o Bacharelato nas modalidades de Científico Tecnolóxico e Humanidades e Ciencias Sociais. Tamén se atopan no antigo edificio os servizos administrativos do Centro, así coma o patio e o ximnasio para desenvolver as actividades físicas e deportivas.

Nun edificio anexo, de nova construción, instálanse os ciclos de Formación Profesional pertencentes ás familias profesionais de Imaxe Persoal e Electricidade.

Nesta mesma zona existe outro instituto de educación secundaria (IES Eduardo Blanco Amor) que conta con alumnos/as de ESO e Bacharelatos. Ademais na zona hai tres centros públicos de Educación Primaria, sendo o “CEIP de Prácticas” o que está situado a carón do propio instituto.

O centro de educación primaria adscrito é o “CEIP A Ponte”.

3.2.- SITUACIÓN ACTUAL DA CONVIVENCIA NO CENTRO

Despois de facer unha análise da situación do centro, empregando toda a información que se dispón na xefatura de estudos, os resultados foron os seguintes:

1º Valoración global da convivencia: Regular/boa.

2º Os conflitos que se producen con máis frecuencia son: entre alumnado.

3º Os conflitos que se teñen producido con máis frecuencia no centro ultimamente son :

Agresións verbais entre alumnado (algunhas veces)

Agresións físicas entre o alumnado (poucas veces)

Agresións verbais de profesorado a alumnado (poucas veces)

Agresións físicas de profesorado a alumnado (nunca)

Agresións verbais de alumnado a profesorado (poucas veces)

Agresións físicas de alumnado a profesorado (nunca)

Intimidación e acoso entre alumnado (algunhas veces)

Problemas entre o profesorado (poucas veces)

Vandalismo ou deterioro grave nas cousas (algunha vez)

Roubos (algunhas veces)

Problemas co consumo de drogas (rara vez)

Condutas disruptivas nas aulas (interromper a clase) (bastantes veces)

Indisciplina (insultos, malas contestacións, falta de respecto) (algunhas veces)

Acoso sexual (nunca)

Falta de asistencia a clase (algunhas veces)

4º Iniciativas que serían útiles para mellorar a convivencia no centro:

_ Consensuar normas entre alumnado e profesorado , favorecer o traballo cooperativo entre o alumnado, mellorar os recursos do centro educativo.

_ Formar o profesorado sobre resolución de conflitos, facer grupos de mediación en conflitos nos centros, adaptar o currículo ás necesidades do alumnado.

_ Utilizar unha metodoloxía máis activa e participativa, utilizar un estilo docente respectuoso e positivo.

3.3.- RESPONDA DO CENTRO A ESTAS SITUACIÓNS

Ante os problemas relacionados coa convivencia que xorden no centro aplícanse as seguintes medidas:

MEDIDAS, ÓRGANO COMPETENTE

- 1.Apercibimento ou amonestación privada, oral ou escrita
 - Calquera profesor/a ou o titor/a
- 2.Comparecencia inmediata ante o profesor de garda, xefe de estudos, ou director, logo de anotar a conduta incorrecta no parte de incidencias.
 - Calquera profesor/a ou o titor/a
- 3.Realización de traballos específicos nos recreos ou en horario non lectivo (tarde)
 - Calquera profesor/a, o titor/a, equipo directivo.
- 4.Realización de tarefas que contribúan á mellora de actividades do Centro ou, se procede, dirixidas a reparar o dano causado en instalacións ou material do centro ou pertenzas doutros membros da comunidade.
 - O titor/a, equipo directivo.
- 5.Suspensión do dereito a participar en actividades complementarias ou extraescolares do Centro.
 - Equipo directivo.
- 6.Suspensión do dereito de asistencia ó Centro durante un período máximo de tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumno/a deberá realizar as tarefas que se lle encomenden para evitar a interrupción no seu proceso formativo.
 - O director/a.
- 7.Suspensión do dereito de asistencia ó Centro durante un período de catro días lectivos ata 30 días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumno/a deberá realizar as tarefas que se lle encomenden para evitar a interrupción no seu proceso formativo.
 - O director/a, logo da apertura de expediente disciplinario.
- 8.Cambio de centro
 - O director/a, logo da apertura de expediente disciplinario.

4.- DISEÑO DO PLAN DE CONVIVENCIA

4.1.- OBXECTIVOS XERAIS

Principios informadores.

As normas de convivencia que se recollen neste plan oriéntanse ós seguintes fins, que informarán a súa interpretación e aplicación:

- a) A garantía dun ambiente educativo de respecto mutuo que faga posible o cumprimento dos fins da educación e que permita facer efectivo o dereito e o deber de aproveitar de xeito óptimo os recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado no posto escolar.
- b) A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas.
- c) A prevención e o tratamento das situacións de acoso escolar mediante medidas eficaces.
- d) O recoñecemento ao profesorado, en especial aos membros dos equipos directivos dos centros docentes, das facultades precisas para previr e corrixir as condutas contrarias á convivencia, así como da protección xurídica adecuada ás súas funcións.
- e) A corresponsabilidade das nais e pais ou das titoras ou titores no mantemento da convivencia nos centros docentes, como un dos principais deberes que lles corresponden en relación coa educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.
- f) Promover a resolución pacífica dos conflitos e fomentar valores, actitudes e prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas, avanzar no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e a mellora da convivencia escolar.
- g) Avanzar no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e na mellora da convivencia escolar.
- h) A promoción da sensibilización dos distintos sectores que interveñen na educación sobre a importancia da convivencia como parte fundamental para o desenvolvemento persoal e social do alumnado.

4.2.- OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

1. Para o profesorado

- Coñecer aspectos teóricos básicos da convivencia entre iguais, relacións profesor-alumno/a convivencia na interculturalidade e a convivencia na diferenza de xénero, utilizando unha linguaxe común.
- Implicar ao profesorado nos procesos de reflexión e acción que axuden a previr conflitos de convivencia no centro.
- Dotar o profesorado de ferramentas prácticas para a detección, a abordaxe e a resolución de conflitos de convivencia nos centros.
- Clarificar as vías de actuación que permitan ao profesorado resolver, derivar ou notificar posibles situacións de desprotección ou de risco que se detecten por mor de conflitos que se dean na aula.

- Promover a implicación do profesorado na adaptación e posta en marcha dun Protocolo de Convivencia no propio centro, partindo dun modelo global elaborado.

2. Para o alumnado

- Sensibilizar o alumnado sobre o seu papel activo e implicación no recoñecemento, evitación e control dos conflitos de convivencia no centro.
- Establecer un circuíto de actuación claro que lles permita informar nun ambiente de confianza dos feitos que observen e romper coa "lei do silencio".
- Desenvolver habilidades interpersoais.
- Favorecer a comunicación e a toma de decisións por consenso.
- Difundir os dispositivos de axuda existentes .
- Promover a implicación dos alumnos na definición dun Protocolo de Convivencia no propio centro, partindo dun modelo global elaborado.

3. Para as familias

- Sensibilizar as nais, pais e titores sobre a importancia de previr condutas violentas nos seus fillos e fillas.
- Dotar as familias de ferramentas para detectar a implicación dos seus fillos/as en conflitos no centro escolar e dar pautas de actuación.
- Facilitar as nais, pais e titores información acerca das implicacións psicosociais da etapa de secundaria.
- Favorecer a reflexión das familias sobre a importancia do estilo de interacción familiar.
- Difundir os recursos existentes no centro.
- Promover a implicación das familias na definición dun Protocolo de Convivencia no centro dos seus fillos/as, partindo dun modelo global elaborado.

4. Para o Centro

- Establecer canles e procedementos que faciliten a expresión das tensións e as discrepancias, así como a resolución de conflitos de forma non violenta.
- Mellorar o clima de convivencia nos centros en beneficio dunha educación de calidade.
- Potenciar a formación de todos os membros da comunidade educativa para que poidan resolver os conflitos de forma tolerante e non violenta.

4.3.- ACTIVIDADES

4.3.1.- ACTIVIDADES NO ÁMBITO DO CENTRO

Con carácter xeral intentarase realizar en cada curso escolar as seguintes actividades, sen excluír outras relacionadas con estes aspectos que quedarán descritas na Programación Xeral Anual (PXA) dese curso escolar:

Actividade	Responsable	Recursos	Metodoloxía	Temporalización
Dar a coñecer ó profesorado de nova incorporación o Programa de Mediación .	Xefatura de E. Coordinadores de Mediación	Programa		Setembro-outubro. Cando se incorpore.
Obradoiro de formación en Mediación para todos os membros da comunidade educativa(alumnos, profesores, familias...)	Coordinadores Mediación		Activa e participativa.	2º trimestre
Coidado e mellora dos espazos físicos do centro e respecto do material común. O aspecto físico do centro a través dun mantemento, coidado e decoración permite que se respire un clima agradable e acolledor e que se poida apreciar o centro como algo propio e valioso (este é un factor de primeira orde para a prevención da violencia).	Toda a comunidade educativa, coordinados polo equipo directivo.	Pósters Traballos dos alumnos. Paneis.	-Campaña de sensibilización -Decoración dos espazos. - Concurso decorativo da aula e de espazos comúns	Valoración deste a Inicio de cada trimestre..
Potenciación das xuntas de delegados dotándoas de contido	Coordinadores Mediación Xefatura de E.		Reunións	Trimestral
Potenciación da participación do alumnado nas actividades do centro.	Titores coordinados pola vicedirección, Departamentos , Equipo de Biblioteca.	Ambientación do espazo físico.	Coñecemento previo da programación das actividades por parte do alumnado	Todo o curso
Potenciación do Observatorio da convivencia escolar	Equipo directivo e membros do Observatorio.		Dinamizar o plan de convivencia.	Trimestral
Revisión do Plan de Atención á Diversidade	Equipo directivo, Departamento de Orientación, profesorado.		Reunión en CCP	Sempre que sexa necesario.

Xornada de Convivencia (alumnado, profesorado, familias e persoal non docente)	Equipo Directivo Coordinadores Mediación			3º Trimestre
“Caixa de suxestións” na sala de profesores.	Equipo directivo			Todo curso.
Formación continua dos Mediadores (alumnado, pais, profesorado...)	Equipo directivo Coordinadores de Mediación.	Materiais específicos. Charlas expertos.		Todo curso.

4.3.2.- ACTIVIDADES DESTINADAS Ó PROFESORADO

Actividade	Responsable	Recursos	Temporización
Plan de acollida dos profesores de nova incorporación o IES	Equipo Directivo. Membros do Dto. Orientación	Guión de acollida para o profesorado Diversos modelos de documentación. Tríptico co organigrama do centro...	Primeira quincena de setembro ou cando se incorporan
Difusión Normas de Convivencia. Partes de Incidencia .	Equipo directivo	RRI. Plan de Convivencia Instrucións	Durante o mes de setembro
Proporcionarlles os protocolos de actuación ante problemas específicos (Acoso , Absentismo, Condutas disruptivas)	Equipo directivo e colaboración do Dto. Orientación	Protocolo de Actuación elaborado pola Xunta de Galicia	Durante o mes de setembro
Deseño de actividades que melloren o clima de convivencia por parte dos Departamentos.	Xefatura de Estudos, Vicedirección e Xefes de Departamento.	Programación didácticas.	Setembro Outubro
Tratar nos Departamentos o uso de metodoloxías máis colaborativas e baseadas no traballo cooperativo así como facer especial fincapé na atención dos alumnos con NEE	Xefatura de Estudos e Xefes de Departamento.	Programacións didácticas.	Deseño mes de Setembro e desenvolvemento todo o curso
Reunión entre profesorado de apoio e orientador de 6º de primaria e de 1º da ESO para o intercambio de información do alumnado que se incorpora por primeira vez ó IES.	Xefatura de Estudos e colaboración Dto. Orientación	Informes .	Durante o mes de setembro ou outubro e cando sexa necesario

Fomentar a participación do profesorado en :Charlas formativas sobre resolución de conflitos, habilidades sociais, valores ... Participación en grupos de traballo...	Equipo directivo en colaboración co CFR.		Cando se considere oportuno.
--	--	--	------------------------------

4.3.3.- ACTIVIDADES DESTINADAS ÁS FAMILIAS

Actividade	Responsable	Recursos	Temporalización
Charlas para concienciar do papel da familia como preventora de conflitos e dunha autentica educación en valores.	Equipo directivo.	Expertos nas temáticas que se traten.	Unha cada trimestre
Reunión inicio de curso	Titor. Xefatura de Estudos. Dto. Orientación	Guión reunión Documentación	1º trimestre
Actividades que favorezan a participación das familias na vida do centro.	Departamentos . Equipo de Biblioteca Vicedirección		Durante todo curso.

4.3.4.- ACTIVIDADES DESTINADAS ÓS ALUMNOS/AS

Actividade	Responsable	Recursos	Temporización .
Plan de acollida do alumnado de novo ingreso e de incorporación tardía.	Equipo directivo, Equipo docente, Departamento de Orientación e titor	Plan de Acollida Resumo das normas de convivencia, dereitos e deberes	No momento da súa incorporación

Plan de acollida a alumnado inmigrante	Xefatura de Estudos , Dep. de Orientación. Titor.	Protocolo de actuación	No momento da chegada
Elección alumnos-titores en cada aula.	Titor . Dto. Orientación	Materiais para elección Funcións.	1º trimestre
Informar nas titorías do Plan de Convivencia(Programa de Mediación) así como das Normas de Convivencia. Consensuándoas con eles.	Equipo Directivo, titor e colaboración do Departamento de Orientación	Material impreso concretando o máis esencial do Plan e das Normas de Convivencia	Durante o primeiro trimestre dedicarase 1 ou 2 sesións de titoría co alumnado.
Debate, discusión e dinámicas de grupos sobre Dereitos e deberes	Titor e colaboración do Departamento de Orientación	Plan de Acción Titorial	No 1º trimestre dedicarase 1 ou 2 sesións de titoría
Tratarase na hora de titoría de clase, cando o titor o considere necesario, calquera aspecto que afecte a boas relacións e a convivencia do grupo ou parte del, transmitirase información na xunta de avaliación.	Titor e colaboración do Departamento de Orientación.	Plan de Acción Titorial.	Temporización: Durante todo o curso
Desenvolvemento dalgún programa para a mellora da convivencia do centro, elixido a inicios de cada curso, algúns deles poden ser: -Pg de desenvolvemento de habilidades de comunicación (escoita activa, empatía, expresar sentimentos..). -Pg de desenvolvemento de habilidades Sociais (asertividade. xuízo moral..) -Pr de Resolución de Conflictos (negociación, mediación,...) -Pg de desenvolvemento de habilidades emocionais e benestar (expresar sentimentos, poñerse no lugar do outro, autocontrol..). -Pg para o desenvolvemento do autocontrol.	Titor e colaboración do Departamento de Orientación.	Plan de Acción Titorial.	Reunión dos titores co Dto. Orientación.
	Todo o profesorado	Plan de acción titorial.	

Fomentar os valores democráticos: a tolerancia, a igualdade, a xustiza, a aceptación da diversidade, a resolución de conflitos de forma pacífica e non violenta, etc. desenvolvendo campañas de sensibilización.	en colaboración , Departamento de Orientación, Biblioteca e colaboración doutros organismos.		Unha por trimestre.
Sensibilización contra o Maltrato entre Iguais (bullying) na etapa da ESO.	Titor e colaboración do Departamento de Orientación e Outros organismos.	Forma de proceder para evitar que estas situacións se dean o centro. Formación nas reunións de titoría e Material concreto para a súa aplicación na aula.	Unha ó trimestre.
Participación do alumnado na elaboración da revista do centro e na páxina Web .	Responsables da páxina Web e da revista e Xefatura de estudos	Revista do centro. Páxina web.	Todo o curso

4.3.5.- ACTIVIDADES ANTE CONDUCTAS GRAVES.

Podemos diferenciar entre problemas leves, graves, moi graves, Bullying ou acoso escolar. Nos dous primeiros casos pódese desenvolver un programa individualizado en colaboración coa familia, o profesorado e coordinado polo Dto. de Orientación, informando do seu inicio a algún compoñente de equipo directivo. As actuación ante problemas moi graves ou de acoso escolar xestionaranse directamente seguindo o Regulamento de Réxime Interior e a Lei 4/2011 de convivencia e participación da comunidade educativa.

Actividade	Responsable	Recursos	Metodoloxía	Temporización
Programas individualizados para mellorar a convivencia (contratos, economías de fichas, axendas escolares, ...)	Titor, Xefatura de Estudos, Profesoras de PT e AL e Departamento de Orientación	Recollida de información dos feitos Proposta de medidas e actuacións: individualizada e/ou colectiva Comunicación á familia. Seguimento semanal de diversos índices: comportamento, asistencia, traer material escolar, realizar tarefas,...	Atención personalizada	Tempo necesario e no momento que apareza o problema e se realice a demanda ao titor, Xefatura de estudos ou Departamento de Orientación.
Plan de actuación na corrección das condutas contrarias ás normas de convivencia : RRI	Xefatura de estudos e Departamento de Orientación.	Actuar de forma equilibrada e proporcional en todos os casos de conflito. Asegurar o esgotamento de todos os recursos dispoñibles antes de proceder á corrección mediante as medidas previstas no RRI.	Diálogo, mediación.	Todo o curso
Plan de actuación nos casos de absentismo	Todo o profesorado	Recompilación da información sobre o absentismo subministrada polo profesorado	Seguimento a través das reunións de titores co Dto. de Orientación.	Todo o curso
		Comunicación ás familias. Actuación do titor en colaboración co Xefe de Estudos e Dto. de Orientación. Comunicación aos Servizos Sociais. Comunicación á Inspección Educativa		
Plan de actuación nos casos de acoso escolar	Todo o profesorado	Difusión entre o profesorado do protocolo de actuación	Seguimento a través das reunións de titores co Dto. de Orientación.	Todo o curso

4.4.- A AULA DE CONVIVENCIA.

Obxecto e regulación:

1. A Aula de Convivencia pretende ser un lugar de reflexión para o alumnado con problemas conductuais que imposibilita o profesorado dar a súa clase e, ó mesmo tempo, un lugar de permanencia para o alumnado que se sanciona con esta medida, tras ter un comportamento negativo de forma continuada.
2. A Aula de Convivencia debe colaborar e axudar ó profesorado na consecución dun bo clima de traballo nas aulas.
3. Pretendemos que o procedemento sexa simple e eficaz.

Organización e funcionamento

a) A Aula de Convivencia está destinada ó alumnado que como consecuencia de condutas contrarias ás normas de convivencia son derivados a dita aula durante o tempo restante desa clase.

b) A Aula de Convivencia será utilizada de forma excepcional. O profesor deberá valorar se a derivación é o único recurso que queda para reconducir a situación e volver a un clima correcto no desenvolvemento da clase.

c) O número máximo de alumnado que poderá ser atendido en cada sesión será de 5 alumnos. En caso de que a aula estea completa, o alumno/a volverá a clase e quedará a criterio do profesor/a aplicar esta medida noutro momento.

d) Os pasos que se deben seguir serán os seguintes:

1. O profesor/a cubrirá un Parte de Incidencias detallando o máis posible o sucedido.
2. O alumno/a con mal comportamento irá acompañado polo delegado/a de clase á Aula de Convivencia, que se encargará de deixar a cargo do Profesor/a responsable da aula nese momento tanto o parte de incidencias como o alumno/a.
3. O alumno/a non pode chegar á Aula de Convivencia se non trae especificadas as tarefas que vai realizar.
4. Ademais das ditas tarefas, o alumno/a poderá traballar outros materiais específicos relacionados coa súa problemática conductual.
5. O profesor/a de garda na Aula de Convivencia será o encargado de realizar o seguimento das tarefas que vai realizar o alumnado e de anotar nun Caderno de Asistencia o alumnado que chega.

6. O profesor/a que envía a un alumno/a á Aula de Convivencia informará os pais/nais, nese mesmo día, do paso do seu fillo pola dita Aula así como dos motivos do incidente.
7. Ó finalizar a xornada educativa, o último dos profesores/as responsables da Aula de Convivencia entregará en Xefatura de Estudos o Caderno e os Partes de Incidencia.

Documentación necesaria na Aula de convivencia.

1. Parte de Incidencia.
2. Caderno de Asistencia da Aula de Convivencia, por xornada.
3. Lista de alumnado por grupo e números de teléfono dos seus pais/titores.
4. Material específico que propoñerá o Departamento de Orientación (hábitos de convivencia, habilidades sociais...)
5. Carpetas de material didáctico dos distintos departamentos.
6. Horario dos grupos.

Coordinación da Aula de Convivencia

O Equipo Directivo nomeará a un “Coordinador da Aula de Convivencia”, cun tempo de redución horaria para desenvolver as seguintes tarefas:

1. Coordinar a todo o profesorado de garda.
2. Vixiar que a Aula de Convivencia conta con todo o material e documentación necesaria.
3. Coordinarse co Equipo Directivo e o Departamento de Orientación.
4. Analizar os datos e extraer conclusións.

Reunións do coordinador:

DESTINATARIOS	PERIODICIDADE	CONTIDO
Equipo Directivo	Diario	Informar sobre o funcionamento da medida
		Decidir que se fai co alumnado reincidente
Departamento de Orientación	Semanal	Preparación do material para a aula
		Intervención con alumnado reincidente
Profesorado de garda	Mensual	Unificación de criterios
		Seguimento das actuacións

		Análise de datos e conclusión
		Análise de actuación con alumnado que presente un comportamento concreto.

4.5.- A MEDIACIÓN

A mediación escolar é un método de resolución de conflitos aplicable as situacións nas que as partes implicadas chegan a un punto no que a comunicación entre ambas está bloqueada e, polo tanto, non poden resolver o problema a través da negociación directa. É unha forma pacífica de resolución de conflitos, onde as partes enfrontadas recorren a un terceiro do seu mesmo nivel para poder chegar a un acordo entre elas.

O Departamento de Orientación, en colaboración co equipo directivo, establecerá os pasos que se deben seguir para implantar no centro un sistema de mediación, como unha ferramenta alternativa e complementaria, a aplicación do Regulamento de Réxime Interior na súa vertente sancionadora.

4.6.- MEDIDAS CORRECTORAS

No caso de alteración grave da convivencia no centro, e unha vez esgotados todos os medios previos, empregaranse medidas correctoras das condutas. Estas medidas correctoras terán as seguintes características:

- Principios xerais das medidas correctoras:

1. As correccións que se apliquen polo incumprimento das normas de convivencia terán un carácter educativo e recuperador, garantirán o respecto dos dereitos do resto do alumnado e procurarán a mellora da convivencia no centro.
2. En todo caso, na corrección das condutas contrarias á convivencia aplicaranse os seguintes principios:
 - a) Ningún alumno/a poderá ser privado do exercicio do seu dereito á educación.
 - b) Non se imporán correccións contrarias á integridade física e á dignidade persoal do alumnado.
 - c) A imposición das correccións respectará a proporcionalidade coa conduta do alumnado e deberá contribuír á mellora do seu proceso educativo.

- d) Terase en conta a idade do alumnado e as demais circunstancias persoais, familiares e sociais.

A efectos de medidas correctoras, entenderanse como condutas leves ou graves as tipificadas nos artigos 15 e 16 da Lei 4/2011 do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.

-Medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.

As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia serán corrixidas coas seguintes medidas:

- a) Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.
- b) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.
- c) Cambio de grupo.
- d) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- e) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- f) Cambio de centro.

-Medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia.

As condutas leves contrarias á convivencia poden ser corrixidas coas seguintes medidas:

- a) Amoestación privada ou por escrito.
- b) Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados.
- c) Realización de traballos específicos en horario lectivo.
- d) Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.
- e) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.
- f) Cambio de grupo por un período de ata unha semana.

g) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

h) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

Graduación das medidas correctoras.

Para a graduación das medidas correctoras tomaranse en consideración especialmente os seguintes criterios:

a) O recoñecemento espontáneo do carácter incorrecto da conduta e, se é o caso, o cumprimento igualmente espontáneo da obriga de reparar os danos producidos.

b) A existencia de intencionalidade ou reiteración nas condutas.

c) A difusión por calquera medio, incluídos os electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos, da conduta, das súas imaxes ou da ofensa.

d) A natureza dos prexuízos causados.

e) O carácter especialmente vulnerable da vítima da conduta, se se trata dun alumno ou alumna, por razón da súa idade, de recente incorporación ao centro ou calquera outra circunstancia.

Para a imposición calquera medida correctora seguirase o procedemento establecido na sección 3ª da Lei 4/2011.

4.7.- DETECCIÓN E TRATAMENTO DO ACOSO ESCOLAR

Ante a detección dun caso de acoso escolar, o centro a través do seu Xefe de Estudos, procederá conforme as Instrucións de 17 de xuño de 2013 da Dirección Xeral de Educación , Formación Profesional e Innovación Educativa, aplicando o que establece o Protocolo Xeral de prevención, detección e tratamento de Acoso Escolar e Ciberacoso.

4.8- DETECCIÓN E TRATAMENTO DO ABSENTISMO ESCOLAR.

Ante a detección dunha situación de absentismo escolar ,o centro procederá conforme ás Instrucións do 31 de xaneiro de 2014 da Dirección Xeral de Educación, Formación profesional e Innovación educativa polas que se traslada o protocolo educativo para a prevención e o control do absentismo escolar en Galicia.

Cada profesor rexistrará na aplicación informática Xade as ausencias ou faltas de puntualidade do alumnado, ao comezo de cada clase. A xustificación das mesmas faraa o profesor titor na ESO e en Bacharelato e cada profesor en PCPI e Ciclos formativos. O profesor titor deberá comunicar ás nais, pais ou persoas titoras legais ou gardadoras do alumnado menor de idade,

ou ao propio alumno/a se é maior de idade as faltas de asistencia a clase de cada mes, dentro dos primeiros cinco días naturais do mes seguinte e diferenciando as faltas xustificadas das non xustificadas.

A efectos de aplicación do citado protocolo é convinte sulñar que todas as comunicacións ou citacións que sexa oportuno realizar faranse por escrito entregándoas persoalmente á persoa destinataria ou por correo certificado, quedando debidamente rexistrada unha copia das mesmas no noso centro.

5.- DESENVOLVEMENTO DO PLAN

Este plan de convivencia será impulsado pola dirección do centro e os departamentos didácticos, en especial o Departamento de Orientación.

Correspóndelle a todo profesorado o desenvolvemento deste, quedando reflectido nas actividades, os responsables, recursos, metodoloxía e temporalización delas. Do mesmo xeito, é tarefa específica do persoal de administración e servizos colaborar no bo funcionamento do plan.

6.- COORDINACIÓN E AVALIACIÓN

A avaliación e o seguimento do Plan de Convivencia guiarase por estas actuacións:

Corresponde ó Observatorio da convivencia o seguimento e coordinación do plan, polo que levará a cabo as seguintes actuacións mínimas:

1 .Informar periodicamente ó Claustro e ó Consello Escolar do desenvolvemento del.

2.Elaborar ó final do curso un informe anual de análise da convivencia e os resultados obtidos nel.

3.Proporlle á Administración educativa as medidas oportunas para a mellora da convivencia e solicitaralle os medios necesarios para acadar os obxectivos indicados.

A avaliación do plan de convivencia será continua, de xeito que a detección de posibles melloras e súa posta en práctica se fagan o máis axiña posible, para o que a modificación do Plan seguirá o protocolo establecido de forma xenérica no punto 9 Proxecto Educativo do Centro. Ao finalizar o curso tamén se adoptarán as medidas que se estimen oportunas, como resultado da análise do informe anual.